

## ACTA N° 05/11

### SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2011

#### Asistentes:

#### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Victor Pastoriza Lino  
D. Valentín Piñeiro González.  
D. Daniel Rodas Chapela.

Ten escusada a súa inasistencia D<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 31 de xaneiro de 2011, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local nº 1 e 2/11, correspondente ás sesións do 3 e do 10 de xaneiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Non hai avocacións.

#### **3.- LICENZAS DE OBRAS**

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

- **EXPTE. 10/2011 – D<sup>a</sup> MARÍA JOSÉ BAMBA VÁZQUEZ** presenta proxecto de reconstrución de muro de contención de terras, a lindantes, en Isamil, 332 H, parcela nº 5, Meira, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o 21 de xaneiro de 2011.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 31 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS  
**INFORME:** **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de reconstrución de muro de contención de terras a lindantes, sito en Isamil nº 332-H, parcela nº 5, está redactado polo Arquitecto Técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 21 de xaneiro de 2011. Presenta a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva
- Memoria construtiva
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido na NN.SS municipais.
- Memoria de cálculo
- Normativa de obrigado cumprimento.
- Estudo de xestión de residuos
- Plan de control de calidade
- Estudo básico de seguridade e saúde.
- Documentación gráfica.
- Prego de condicións
- Medicións e presuposto
- Presenta oficio de dirección de obra asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 21 de xaneiro de 2011.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	150,58 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110 €

#### **4.- PROPOSTA DE GASTOS: GALA DO DEPORTE**

Visto o informe-proposta da concelleira de Deportes do 28 de xaneiro de 2011, que di:

O próximo venres día 4 de febreiro ás 20,00 horas terá lugar no IES As Barxas a XVIII Gala do Deporte na que se dará recoñecemento á traxectoria dos e das deportistas, equipos, entidades, etc. que destacaron pola súa labor en prol do deporte durante o ano 2011.

O día 04 de xaneiro de 2011 reuniuse o Consello Deportiva Municipal (CDM) para elixir o xurado que decidiría cales serían as persoas, e entidades premiadas o día da Gala, nesta reunión chegou ao acordo de que formarían parte deste xurado as seguintes persoas: Rafael Villaverde como representante dos deportistas, Jesús Núñez Martínez como representante do remo de traíñas, Jesús Chapela como adestrados do Club de tenis Moaña e Alberto Meira Santomé como director do CEIP Seara, en posteriores reunións do xurado do CDM, despois de dar un prazo para a entrega de currículos, decidiu cales serán

galardonados o día 4 como mellores deportistas, equipos masculino e feminino, adestrador, entidade, etc.

Para a celebración deste evento foi necesario facer os seguintes traballos polas empresas nomeadas:

- Irisar deseño e impresión que realizou as invitacións para a Gala por un custe de 69,62 euros.
- MMM sport (Raimundo Hermelo Canosa) que achegará os trofeos por un custe de 1865,58 euros.
- Pastelería D'Carla que realizará o servizo de catering por un custe de 2145,42 euros.
- J.R. CAM que realizará a gravación da Gala por un custe de 200 euros máis IVE.

Propónse á Xunta de Goberno Local que aprobe a realización do evento e o libramento ás empresas citadas das correspondentes cantidades.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011 acreditado pola retención de crédito que para este gasto se efectuou na partida 3410-22601, RC 10.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar os orzamentos, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 4.316,62 € con cargo a partida 3410-22601 RC 10, pola Gala do deporte 2011.

## **5.- ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E VIXIANCIA DA SAÚDE DO PERSOAL DO CONCELLO DE MOAÑA**

Expirado o contrato que o Concello tiña concertado ca empresa SEGAPREL para a prestación do servizo de prevención de riscos laborais e vixiancia da saúde, o Concello solicitou oferta da empresa SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE MAZ SEGURIDAD LABORAL, S.L.U.

Á vista da oferta presentada pola empresa que conta cun prezo unitario de 5,091 euros, IVE incluído, por traballador e mes (1,091 euros polos servizos de prevención técnica e 4 euros polo servizo de vixiancia da saúde, que farían un total de 8.142,57 euros, atendendo a unha media de traballadores de 140), e polo prazo de execución previsto.

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de menor os contratos de servizos cando a súa contía no exceda de 18.000,00 euros.

Pola Intervención Municipal practicouse con data 31.01.11 a oportuna Retención de crédito con cargo ao Orzamento de Gastos do vixente Orzamento municipal.

Visto o informe da Intervención Municipal, de data 31 de xaneiro de 2011, no que emite nota de reparo por entender que o contrato, polas súas características, ten vocación de permanencia non limitándose o seu obxecto ao ano 2011.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2008.

A Xunta de goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo emitido pola Intervención Municipal en informe de data 31 de xaneiro de 2011, por entender que o presente contrato se axusta aos parámetros legais definidores do contrato menor por contía e duración, sen que no presente contrato se recolla unha duración superior aos doce meses previstos para os contratos menores na lei.

**SEGUNDO.-** Adxudicar o contrato menor da servizos servizo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde á SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE MAZ SEGURIDAD LABORAL, S.L.U., cun prezo unitario de 5,091 euros, IVE incluído, por traballador e mes (1,091 euros polos servizos de prevención técnica e 4 euros polo servizo de vixilancia da saúde, que farían un total de 8.142,57 euros), atendendo a unha media de traballadores de 140), conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de once meses, con data de remate o 31 de decembro de 2011.

**TERCEIRO.-** Autorizar gasto por importe máximo de 8.142,57 euros de o gasto con cargo á partida de Gastos do Orzamento Municipal 9200-22701.

**CUARTO.-** Que se notifique ao adxudicatario dentro do prazo de dez días o presente acordo de se lle cite para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

## **6.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL.**

D.<sup>a</sup> María Rosa Martínez Barreiro, en representación da empresa Cordeiro S.L., solicita a devolución do aval das parcelas nº 9 e 23 da etapa primeira do Plan Parcial Rosal Sur, por estar entregada esta etapa ao Concello.

Visto o informe emitido polo arquitecto que asiste tecnicamente ao Concello, do 11 de xaneiro de 2011,

Recibidas as obras de urbanización da etapa nº 1 do Plan Parcial Rosal Sur e tendo realizado informe favorable para recibir definitivamente a obra de urbanización correspondente coa etapa, solicítase por parte de D.<sup>a</sup> Rosa Martínez Barreiro, en representación de Cordeiro, S.L. A devolución do aval en expte. 216/03.

#### CONSIDERACIÓNS

1.- En data 20 de abril de 2010 emítase informe para recibir definitivamente a obra de urbanización da 1ª etapa do Plan Parcial Rosal Sur.

2.- A fianza definitiva acada a cantidade de 55.407,10 € depositada en data 08/01/2004. A edificación conta con urbanización rematada e recibida.

Por todo isto e despois de estudadas as consideracións anteriores pódese deducir as seguintes

#### CONCLUSIÓNS

Procede a devolución do aval pola cantidade de CINCUENTA E CINCO MIL CATROCENTOS SETE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (55.407,10 €), correspondente co expediente 216/03, situado no Plan Parcial Rosal Sur, a CORDEIRO, S.L.

Visto o informe da tesoureira do 28 de xaneiro de 2011, favorable á devolución da fianza correspondente por importe de 55.407,10 euros, a favor de CORDEIRO SL (CIF B36033645),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución do aval depositado para responder pola urbanización do expte. de obra nº 216/03, a favor de CORDEIRO SL (CIF B36033645),

#### **7.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

Visto o informe da Tesourería municipal do 28 de xaneiro de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Endesa Energía, SA.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítase á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

#### **\*ENDESA ENERGÍA S.A.U (CIF A81948077 (LIÑA NEGOCIO ELECTRICIDADE)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
4 ° TRIMESTRE 2010	46.694,38	700,42

**\*ENDESA ENERGÍA S.A.U (CIF A81948077 (LIÑA GAS BAIXA PRESIÓN)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
4º TRIMESTRE 2010	5.555,20	83,33

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LXCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de ENDESA ENERGÍA S.A.U, - liña negocio electricidade, por importe de 700,42 euros, e ENDESA ENERGÍA S.A.U, - liña negocio baixa presión, por importe de 83,33 euros polo período do 4º trimestre de 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

**8.- PROPOSTAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN EJERCICIO 2011.**

Á vista da documentación remitida pola Deputación Provincial de Pontevedra en data 24 de xaneiro de 2011, nº de rexistro de entrada 497 de 26 de xaneiro, pola que se insta

dos Concellos a remisión das correspondentes propostas de obra a incluír no Plan Provincial de Cooperación para o exercizo 2011, propostas que haberán de recibirse na Deputación Provincial de Pontevedra antes do vindeiro 3 de febreiro.

Á vista do RD 835/2003 de 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado ás Entidades Locais modificado polo RD 1263/2005 de 21 de outubro e a Orde APU/293/2006 de 31 de xaneiro de desenvolvemento e aplicación do Real Decreto.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda remitir á Deputación Provincial de Pontevedra as seguintes propostas de obra a incluír no Plan Provincial de Cooperación para o exercizo 2011:

- Obra principal:

“Pavimentación da rúa da Casanova (Moaña)”, que conta cun orzamento de execución por contrata de 76.283,26 euros.

- Obra alternativa:

“Pavimentación da rúa Concepción Arenal (Moaña)”, que conta cun orzamento de execución por contrata de 76.283,26 euros.

## **9.- SOLICITUDE DE D. ROBERTO GONZÁLEZ**

D. Roberto González Montero, por escrito con entrada no Concello o día 24 de xaneiro de 2011, expón que Cristina e Nuria González Miranda están inscritas na EMM e que pagou por ambas, polo segundo trimestre ,60 euros, cando debería pagar 42,75 euros. Solicita que a diferenza, 18,75 euros, queden en fondo para o pagamento do terceiro trimestre da cota da Escola de Música. Acompaña fotocopia do ingreso en Caixanova.

Comprobado que unha das nenas está inscrita en Iniciación musical 2º -cuxa cota é de 15,75 euros-, e outra en Trompeta 1º -27 euros-,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda: Primeiro: acceder ao solicitado, recoñecendo que ingresou 18,75 euros de máis, contía que se compensará ao seu favor cando se convoque o pagamento para o terceiro trimestre da Escola de Música.

Segundo: Trasladarlle o acordo á Recadación municipal.

## **10.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**10.A)** Dª María Jesús Ardao Fernández, avogada, en representación de D. José Durán Rúa e de Reale Seguros Generales, S.A. formula reclamación contra a Admón. Pública por responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos. O día 14.11.09 Dª Elena Durán Franco conducía o vehículo Lancia Ypsilon propiedade do sr. Durán, cando á altura da vivenda nº 38 estoupoulle o pneumático dianteiro esquerdo ao pasar por riba do oco dunha boca de sumidoiro que estaba sen tapa. O vehículo sufriu danos por importe de 389,81 euros (180 € a D. José Durán Rúa e a Reale 209,81 €). Achega informe da

Policía local, copia do permiso de circulación e da tarxeta da itv, informe pericial e factura..

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación por ser responsabilidade da empresa concesionaria do servizo.

**10.B)** Dna. M<sup>a</sup> Jesús Villanueva Otero, administradora da tenda MERCAROUA, presenta ante o Concello, en data 15 de decembro de 2010, nº de rexistro de entrada 9359, reclamación patrimonial por danos sufridos no seu negocio, por importe de 24.939,18 euros.

A citada reclamación ven derivada de inundacións acontecidas, segundos os feitos expostos na reclamación, entre o 31 de outubro de 2003 e xaneiro do 2004.

Á vista do disposto na normativa reguladora da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, en concreto artigo 142.5 da LRJAP e 4.2 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial: *“En todo caso, el derecho a reclamar prescribe al año de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o de manifestarse su efecto lesivo.”*

Visto o tempo transcorrido entre os feitos expostos e a reclamación presentada ante o Concello.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda desestimar a reclamación presentada por Dna. M<sup>a</sup> Jesús Villanueva Otero, como administradora da tenda MERCAROUA, por terse superado o prazo previsto pola normativa vixente para o exercizo do dereito a reclamar ante a Administración en materia de responsabilidade patrimonial.

## **11.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Visto o informe-proposta da traballadora social de data 28 de xaneiro de 2011, sobre modificacións no Servizo de Axuda no Fogar, que di:

### **BAIXAS**

- Virtuosa Acuña Rúa: Nunca se lle prestou o servizo, por desexo da interesada.
- Manuel Rodríguez Gayo: Por ingreso en residencia dende 01/09/10. Non se dou antes de baixa por estar á espera de que volvese á súa casa.
- Estrella Sequeiros Santomé: por ingreso en residencia, con data 25/01/2011.

### **MODIFICACIÓNS**

- Luis Pequeño Pequeño: Modificar a contía do copago de 93,66 €/mes a 70 €/mes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

## **12.- SECRETARÍA: VIXENCIA DE LICENZAS DE CANS PERIGOSOS**

Visto o informe-proposta da Secretaría do 31 de xaneiro, que di:

Relación de persoas que non renovaron a licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos malia seren notificados/a desde o Concello de que debían facelo por transcorrer



cinco anos desde que se lles concedeu a inicial (art. 3º.2 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro).

**Ano 2004**

- María Isabel Sirvent Torrado – can MANCHO
- Juan Jesús Grossio González – can FROST
- José Luis Ferreira Cepa – can NEO

**Ano 2005**

- Antonio Ogando Rodríguez – can BARRY

**Proponse que se declare a perda de vixencia destas licenzas** e que, ao notificárllelo as persoas indicadas, se lles lembre que ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licenza considérase unha infracción administrativa moi grave (art. 13.1.b da Lei 50/1999).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se declare a perda de vixencia destas licenzas.

**13.- VADOS**

**13.A)** O Servizo de Xestión Tributaria do ORAL, por oficio do 5 de xaneiro de 2011, solicita informe en relación ao recurso presentado por D<sup>a</sup> María Nieves Alonso Cancelas. referente ás taxas –vado- co obxecto tributario sito na rúa José Costa Alonso, Tirán, 6, vado nº 100, no que solicita a anulación de todos os recibos e a baixa no Padrón por non solicitar nunca vado.

O inspector xefe da Policía local informa, o 8 de xaneiro de 2011, que no baixo indicado non hai ningunha sinalización de “vado permanente”,

No informe da Recadación do 27 de xaneiro de 2011 sobre a relación de placas de vado que existen nela, inclúese a placa nº 100,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:  
Primeiro: dar de baixa no Padrón de Vados a María de las Nieves Alonso Cancelas (35.279.380W). polo vado nº 100 situado na rúa José Costa Alonso, Tirán, e anular os recibos emitidos por este concepto dende o ano 2005 en diante..  
Segundo: trasladarlle o acordo ao ORAL.

**13.B)** A presidenta da Comunidade de Propietarios do Edificio San Juan, da rúa Daniel Castela 14, en Moaña, solicita dar de baixa o vado de dito edificio. O vado é o nº 126. Acompaña fotocopia da acta da xunta ordinaria de propietarios do 03.11.10 que reproduce o seguinte acordo “pagar as cotas dos últimos anos do vado para despois solicitar a súa anulación pois agora xa non é necesario”.

A concelleira de Mobilidade informa que se retirou a placa e que a entregaron no Concello,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:  
 Primeiro: dar de baixa no Padrón de Vados a Comunidade de Propietarios do Edificio San Juan, polo vado nº 126 situado da Avda. Daniel Castelao nº 14.  
 Segundo: trasladarlle o acordo ao ORAL.

#### 14.- FURANCHOS

D<sup>a</sup> CARMEN ABAL PORTELA solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 1000 litros de viño de colleita propia, no baixo da súa casa na rúa Soaje Hermida, 198, Abelendo, a partir do mes de marzo e por un período de tres meses. Presenta declaracións de produción e colleita da campaña 2010-11 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado dende o 1 de marzo ao 31 de maio de 2011, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

#### 15.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

15.A) Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
MARÍA ELENA GARCÍA LORENZO	Auga e saneamento uso doméstico	Avda. Xunqueira, portal 2, planta 2, porta A	Conexión auga..... 60 € Fianza .....20 € Saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador munic.
MARÍA ELENA GARCÍA LORENZO	Auga e saneamento uso doméstico	Rúa Raiñas, s/n, portal 1, planta ático D	Conexión auga..... 60 € Fianza .....20 € Saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador munic.
ASUNCIÓN CANCELAS NOGUEIRA	Auga, uso doméstico	A Xunqueira, 61- 1º E	Conexión auga..... 60 € Fianza .....20 €	Aqualia Aparellador munic.
JOSEFA RODAS SOTELO	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 77 – 2º A	Conexión auga..... 60 € Fianza .....20 €	Aqualia Aparellador munic.
ALEJANDRO REY SÁNCHEZ	Auga, uso doméstico	Ameixoadá, 63 A	Conexión auga..... 60 € Fianza .....20 €	Aqualia Aparellador munic.
ORLANDO RUEDA SOAGE	Saneamento, uso doméstico	A Xunqueira, 61, portal 2, piso 1D	Saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador munic.

15.B) D. Manuel García Santomé, por escrito do 26.01.11, expón que recibiu unha carta de Aqualia como situación irregular e solicita que se lle comunique á concesionaria que está dado de alta no padrón de saneamento, xa que ten recibos de ter pagado o saneamento. Achega fotocopias de: a) recibos do ano 2002 da Oral; b) da carta recibida da Comisión de veciños de A Seca do 23.06.1982 pola que se informa que se ía construír a rede de saneamento coa autorización do Concello e a contía coa que debe contribuír cada veciño; c) resgardos do pago no Banco Pastor de 20.000 ptas. en total.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se inclúa no Padrón e trasladarlle o acordo a Aqualia.

## **16-IMPOSICIÓN DE PENALIDADES AO CONTRATISTA POR RETRASO NA EXECUCIÓN DA OBRA**

En data 24 de novembro de 2008, a Xunta de Goberno adxudica o contrato de obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA MUNICIPAL” redactado polo Arquitecto D. Jesús Aser Fole Osorio á empresa CONSTRUCCIONES VARELA VILLAMOR S.L. cun prazo de execución de 10 meses.

O 30 de novembro de dous mil nove a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, acorda conceder unha prórroga na execución do contrato de cinco meses e medio respecto do previsto inicialmente, conforme ao sinalado no informe do Director de Obras.

As obras comezaron o 2 de decembro de 2008 e a día de hoxe as obras aínda están sen rematar e sen entregar ao Concello, rebasándose as datas de execución previstas, prazo de ampliación incluído, sen que o órgano de contratación teña coñecemento de que concurrise causa que motivase a demora.

Á vista do disposto na cláusula 30 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que determina o réxime xurídico do contrato e o establecido no artigo 196 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, mediante providencia da Alcaldía de data 21 de xaneiro de 2011, acordouse iniciar expediente de sanción ao contratista.

Á vista dos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, de data 26 e 31 de xaneiro de 2011, a Xunta de Goberno, de conformidade ca cláusula 30 dos pregos do contrato, acorda:

**PRIMEIRO.-** Propoñer a imposición de penalidades diarias nas proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. As penalidades que se impoñan descontaranse das certificacións de obra que presente o licitador ou no seu caso, con cargo á garantía definitiva depositada.

**SEGUNDO.-** Ampliar tres meses o prazo de terminación do contrato, segundo o disposto no artigo 98 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da presente proposta á empresa adxudicataria da obra, concedéndolle un prazo de audiencia de cinco días hábiles para que aleguen o que estimen pertinente na defensa dos seus dereitos.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 18:55 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.

